

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE TUOPERADORES RECEPTIVOS DE GALICIA (ATREGA) PARA A IMPLEMENTACIÓN DA MEDIDA RELATIVA A PROMOCIÓN DE GALICIA E A CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS TURÍSTICOS INCLUÍDA NO PLAN DE REACTIVACIÓN DOS SECTORES CULTURAL E TURÍSTICO FRONTE AOS EFECTOS DERIVADOS DA COVID-19

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (ATREGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e ATREGA para o desenvolvemento da medida 19 do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 30 de abril de 2020, relativa á promoción de destino e o impulso de novos produtos turísticos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (ATREGA), da que forman parte Celtravel, Circuitos Galicia, CNTravel, Interrías, Luamar, Siente Galicia, TeeTravel e YuTravel, representa máis do 95 % do volume da turoperación receptiva de Galicia, con case 250 millóns de facturación e unha presenza no mercado nacional na totalidade de axencias da Península (8.000 axencias en España e case 1.000 de Portugal), representando e fornecendo a axencias online e tamén aos principais turoperadores internacionais que operan para Galicia.

Converten a Galicia no líder en turoperación do norte peninsular, e queda situada en sexta posición nacional tras Baleares, Canarias, Andalucía, Madrid e Cataluña.

Terceiro.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Na medida 19, en creación de novos produtos turísticos, inclúese o acordo de colaboración para a promoción de destino e o impulso de novos produtos turísticos:



Promoción: difusión a través das súas plataformas en multicanle, mailing, contidos.

Novos produtos: creación de novos produtos turísticos con motivo do Xacobeo 2021, atendendo o perfil de cada turoperador, crearanse novos itinerarios para grupos publicados en folletos ou en liña, creación de programas de escapadas e experiencias que unan a enogastronomía, o termalismo e actividades no entorno natural e patrimonio cultural.

Impulso de produtos en novas áreas estratéxicas: como Ribeira Sacra, Mariña Lucense, Costa da Morte e diferentes Camiños para contribuír á súa reactivación.

Que a través deste convenio se outorga a ATREGA unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, se estima xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

